

Ficciónate



Ciclo de cinema galego

Ficciónate é unha iniciativa de Abella Creativa que nace da necesidade de prantexar un circuíto alternativo aos festivais e certames habituais, cunha orientación didáctica, instructiva e con vocación cooperativa.

Unha sesión de cinema con diferentes obras e un posterior coloquio cos seus directores, actores, produtores, músicos e diferentes profesionais que fan posible un proxecto audiovisual.

ANTECEDENTES

Na primeira edición deste ciclo de cinema a modo de festival itinerante, foron seleccionadas catro obras de curta duración:

- Rancor, de Miguel Morales, producida por MT Producciones.
- El Comediante, de Óscar Cruz, producida por Porco Bravú.
- Fálame do silencio, de Lois Blanco, producida por Condetrespés S.L.
- Unary, de Luis Avilés, producida por Pixel Films.

Durante o ano 2016, celebráronse un total de 9 proxeccións en diferentes concellos repartidos por toda a xeografía galega:

- A Illa de Arousa, 12 de marzo
- Negreira, 27 de maio
- Pontevedra, 10 de xuño
- Sarria, 11 de xuño
- Ferrol, 29 de xullo
- Burela, 14 de outubro
- Santa Comba, 15 de outubro
- A Coruña, 3 de decembro
- San Sadurniño, 30 de decembro

Ficciónate foi unha iniciativa que contou co apoio dos concellos galegos e da Deputación da Coruña para ter unha cobertura de gastos por parte dos representantes dos filmes así como unha percepción económica pola proxección da súa obra.

De cara a unha segunda edición deste evento, a Organización do mesmo convoca o prazo de inscrición e presentación de obras que podan optar a formar parte deste ciclo de cinema que se celebrará a partir do mes de marzo de 2017, cunha duración de 12 meses dende a primeira presentación.

Para unha correcta inscrición, preséntanse as seguintes bases, a través das cales os usuarios terán toda a información precisa para inscribir a súa obra.

BASES DO II FICCIONATE: CICLO DE CINEMA GALEGO

- 1.- Ficciónate é un ciclo de cinema de curta duración onde terán cabida todo tipo de curtametraxes.
- 2.- As obras presentadas deben ser orientadas para todos os públicos e non conter ningún tipo de contido que fomenta a violencia, a discriminación racial, sexual ou de calquera outra índole. No caso de non ser considerada unha obra apta para todos os públicos, deberase indicar correctamente na inscrición.
- 3.- A duración máxima da obra será de 20 minutos.
- 4.- A inscrición é totalmente gratuita.
- 5.- O prazo de presentación da inscrición remata o vindeiro 30 de xaneiro de 2017.
- 6.- Na ficha de inscrición, os candidatos/as deberán cumprimentar correctamente:
 - Título da obra
 - Duración
 - Cartaz oficial
 - Ficha técnica
 - Breve sinopse
 - Link de descarga do arquivo (vía Wetransfer, Dropbox, Vimeo ou calquera outra plataforma)
- 7.- Un Xurado realizará o visionado e será o encargado de levar a cabo o fallo do proceso de selección das obras presentadas.
- 8.- O Xurado anunciará o seu fallo o vindeiro 10 de febreiro de 2017.
- 9.- Toda a información sobre o certame estará presente na páxina web:
<http://www.abellacreativa.com/index.php/o-mel/eventos/ficcioneate/>

FORMATO DE PRESENTACIÓN DO MATERIAL VIDEOGRÁFICO

As obras deberán ser presentadas en formato .mp4 1080p-H264 para correcta visualización en pantalla cinematográfica.

COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE A CARGO DA ORGANIZACIÓN

A Organización de Ficciónate comprométese a que todo o material enviado polos candidatos/as non será difundido, promulgado ou distribuído a terceiras fases nin por ningunha das vías de comunicación posibles. Trátase dun material enviado exclusivamente para a súa valoración e avaliación para formar parte do ciclo.

VALORACIÓNS ESPECIAIS

Valoraránse de xeito especial aqueles proxectos que:

- Fosen rodados orixinalmente en lingua galega.
- Fosen rodados en Galicia e por profesionais galegos.

OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.

Os representantes dos proxectos seleccionados para este ciclo de cinema terán que enviar unha vez se lles comunique a súa participación, a seguinte documentación:

- Datos fiscais da produtora ou profesional autónomo que desenvolveu o proxecto.
- Número de conta para realizar os ingresos bancarios pertinentes.
- Documentación da obra en formato dixital para inserción na páxina web:
 - Trailer, sinopse, fotografías, ficha técnica e artística e cartaz promocional.

COMPENSACIÓN ECONÓMICA.

A compensación económica por cada proxección oscila entre os 50 e os 150 € (para cada obra), en función da aportación económica que realice a entidade que contrate este ciclo.

Cada proxecto percibirá exactamente a mesma cantidade, levando do seguinte xeito a seguinte compensación:

- 100% da compensación económica por realizar a proxección e posterior coloquio de presentación dos filmes (cun mínimo de 1 representante por obra presentada).
- Deste xeito, abónase a proxección + os gastos derivados da asistencia ó coloquio de presentación.
- 30% da compensación económica polos dereitos de reprodución/comunicación pública e exhibición da obra.

A participación e inscrición dun proxecto cinematográfico neste ciclo, supón a total aceptación destas bases.

E para que conste a todos os efectos oportunos, asinan a presente os representantes da organización.

En Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2017